

# **Manuel Murguía na recepción e fortuna crítica da obra de Rosalía**

Diego Pardo Amado  
Universidade da Coruña

## **1. Introdución**

A obra de Rosalía de Castro (1837-1885) foi sometida a un extraordinario proceso de deformación e asimilación cuxa orixe debe ser procurada tanto no carácter radical dos seus contidos, como no proxecto político a que servía. Advertir as causas deste proceso tan temperán, intenso e ramificado é tarefa complexa, de modo que a súa crónica implica a revisión inapelábel da función desenvolvida neste sentido por Manuel Murguía, peza clave nun sistema literario emerxente como o galego naquela altura e cuxa valoración crítica da obra rosaliana, -desde a reseña de *La flor* en *La Iberia* (1857) até o prólogo de *En las orillas del Sar* (1909), pasando pola imprescindíbel semblanza da autora contida en *Los precursores* (1885)-, constitúe o contrapunto, a voz discordante xa nos inicios da súa canonización.

Manuel Murguía (1833-1923) é non só unha figura de peso na biografía de Rosalía de Castro por se converter no seu esposo, xa que a súa actuación resulta decisiva nun aspecto tan importante como o referido á transcendencia da producción rosaliana, problemática que foi unha das abundantes preocupacións do matrimonio, con actitudes diferenciadas ao respecto. Se a autora de *Cantares gallegos* (1863) confiaba de vez na forza da súa obra, convencida de que o seu nome perduraría e de que sería o tempo o encargado de impartir a xustiza

necesaria<sup>1</sup>, Murguía, en troca, posuía o convencemento de que era el a persoa máis capacitada para pór a obra de Rosalía no lugar merecido, razón por que acudirmos aos seus traballos resulta inevitábel, sen obviarmos o consenso das súas opinións coas valoracións da propia escritora: “Soportando ciertas indiferencias que en el alma me dolían, y para ella no pasaban inadvertidas, pues tocaban en los límites de la injusticia, muchas veces le dije que nadie en este mundo haría justicia a su obra sino yo” (Murguía 1909: 8). Así, reunir e analizar a integridade das colaboracións do historiador galego, como o lector/a comprobará, permite asistir a unha parte importante do proceso de canonización de Rosalía de Castro, dando lugar á reflexión sobre o papel de Murguía en dito proceso.

## 2. Manuel Murguía na recepción e fortuna crítica de Rosalía

Con dezaoito anos de idade, Manuel Murguía encóntrase en Madrid, onde animado polo pai e seguindo os seus pasos, inicia a carreira de Farmacia. A súa finalización habíalle permitir levar unha vida economicamente solvente, mais, lonxe de finalizala, dá os pasos da que axiña será unha fecunda carreira literaria e xornalística. Na capital española, baixo a protección de Eduardo Chao e grazas ao impulso de Ruiz Aguilera<sup>2</sup> convértese en colaborador de *La Iberia*, entregando o manuscrito de *Desde el cielo* (1854)<sup>3</sup> ao seu director, Pedro Calvo Asensio. O éxito acadado por esta novela convénceo definitivamente das súas posibilidades como

1 Cfr. esta opinión de Rosalía a respecto da súa obra e do seu papel na Historia coa prevalente imaxe dunha poeta á marxe do seu proceso de canonización: “Y era lo cierto, porque a pesar del entusiasmo con que se acogieron sus libros, una frialdad dolorosa la envolvía de tal modo, que entre el triunfo alcanzado y la justicia que pedía fuese como era debido, ponía un mundo de distancia” (Murguía 1909: 8).

2 Segundo José Antonio Durán (2000: 93, 94), de Ruiz Aguilera dependía a orientación de La Iberia e a escolha de grande parte dos colaboradores. Debido a isto, pode apadrinhar Murguía, que se converte en colaborador habitual e novelista por entregas do más prestixioso periódico progresista español da altura.

3 Esta novela é proba da súa precocidade literaria, posto que fora escrita antes da súa chegada a Madrid, cando contaba só dezasete anos de idade. Contrastá coa pouca dedicación que o autor compostelán concedera aos seus estudos de Bacharelato, en que acada resultados mediocres. A mencionada obra logra nada menos que nove edicións nun ano e é traducida a diferentes idiomas. Cfr. coa valoración de Ruiz Aguilera: “(...) don Manuel Murguía, autor de un librito de unas cuantas páginas, titulado *Desde el cielo*, leyenda de sabor germánico que vale una reputación” (1864: 174).

escritor, publicando o poema “Nena d’as soledades”, primeiro texto en galego que sae á luz no álbum de Elina Avendaño, filla do escritor Joaquín Avendaño e irmá do célebre pintor que Murguía incluirá en *Los precursores* (1885), Serafín Avendaño. As colaboracións en publicacións de tendencia liberal multiplícanse (*El Correo Universal*, *La crónica de Ambos Mundos*, *El Museo Universal*, *Las Novedades* etc.), dando ao prelo outros folletíns como *Mientras duerme*, *Mi madre Antonia*, *El Ángel de la muerte*, ou *Los lirios blancos*. Mais é nas tertulias literarias celebradas na casa de Carmen Lugín, -ás que tamén asiste Gustavo Adolfo Bécquer-, o espazo en que tería lugar o primeiro contacto entre Rosalía e Murguía, sempre segundo o relato dos protagonistas, grazas á mediación de Eduardo Chao (Vidal 1998: 16).<sup>4</sup> Todo parece indicar a participación de Rosalía nestas tertulias, onde tería recitado poemas de *La flor*, circunstancia que parece contradicir as moitas afirmacións sobre o seu carácter retraído e pouco sociábel. Animada polo aplauso dos asistentes, -se callar tamén Murguía a tería escoitado e apoiado profesionalmente naquela casa por primeira vez, inciándose o noivado-, decídese a publicar a colección de poesías *La flor* (1857).

As páxinas de *La iberia*<sup>5</sup> acollen a reseña que sobre esta primeira obra realiza o historiador, e que resulta ser a de maior extensión dedicada ao poemario. Desde as primeiras liñas, o autor confesa que a súa reseña, más ca un xuízo crítico, pretende ser a expresión do ánimo necesario para quen se inicia na poesía, asegurando non coñecer Rosalía: “(...) simplemente decir al público, mejor dicho, á la autora de las hermosas poesías de que nos ocupamos, y á quien, sea dicho de paso, no conocemos: trabajad y ocupareis un lugar honroso en nuestra literatura patria”<sup>6</sup> (Murguía, 1857), desexo que lido máis de cento corenta anos despois da súa realización e á vista das dimensións que a obra daquela poeta novel acadou, debemos adxectivar, cando menos, de visionario ou premonitorio. Por outra

<sup>4</sup> Non é esta a única hipótese, xa que puido operar a mediación do amigo común Aurelio Aguirre ou mesmo o encontro ligado ás actividades do *Liceo de la Juventud* en Santiago de Compostela, previo á marcha da poeta á capital do Reino.

<sup>5</sup> Véxase “La flor. Poesías de la señorita Doña Rosalía de Castro” in *La Iberia* (12-V-1857).

<sup>6</sup> Cfr. coas similares palabras anónimas que a noticia sobre a publicación desta obra ofrece *El Iris de Galicia*: “(...) aseguramos que las dotes poéticas que adornan a dicha señorita, con cuya amistad me honro, son más que suficientes a conquistar un nombre en la historia de su patria y a merecer un lugar al lado de las que hoy son gala de nuestra literatura nacional” (13-V-1857), artigo anónimo que tamén aparece publicado en *El Miño* o mesmo día.

banda, se coñecía ou non Murguía a súa futura esposa nesta altura é circunstancia sen aclarar, malia o intelectual galego sostener sempre a mesma versión, tamén no *Diccionario de escritores gallegos* (1862): “Entonces, cuando aun no conocíamos á su autora, tuvimos el sincero placer de elogiar como se merecían unas poesías, en las cuales se descubrían dotes nada vulgares” (Murguía 1862: 148). Da nosa óptica, é improbabel que Murguía fundamentase o seu xuízo sobre as capacidades poéticas de Rosalía na lectura exclusiva daquel poemario, ben afastado áinda do carácter xenial que a súa producción lírica acadaría. O contacto real coa escritora, -previo á publicación da reseña-, debeu de ser impactante para o historiador, que sempre recoñeceu nela un verdadeiro poeta. E tampouco podemos obviar que unha crítica eloxiosa baseada na amizade común ficaría sen credibilidade,<sup>7</sup> sobre todo no caso dunha muller, ao que cómpre acrecentar que Murguía proporciona información de primeira man acerca da personalidade de Rosalía e parece estar en posesión de moitos más datos dos que revela, todo o cal acabaría por consolidar a hipótese, maioritariamente defendida pola crítica, de que xa a coñecía persoalmente: “(...) ellas [as páxinas do poemario, as composicións] nos han revelado un talento oculto, un talento modesto, á quien causas agenes á este lugar, y no al deseo de acercarse al palenque literario, le obligaron á recurrir á la publicación de unos trabajos que su timidez guardaba para ella sola” (Murguía, 1857).

Entre este primeiro documento e mais *Los precursores* (1885), -un dos derradeiros e máis completos dedicados á autora-, rexístranse puntos de tanxencia. Por un lado, a prevalencia da conciencia de que Rosalía é poeta

<sup>7</sup> O carácter encomiástico deste artigo provoca que Benito Vicetto, -en misiva enviada ao historiador galego a 16 de maio de 1857-, lle exprese as súas discrepancias, como reproducimos a seguir: “Recibí ayer tu artículo y hoy va certificado para El Miño con 52 cuartillas de El Lago: no toqué el artículo en nada, ni aun en una coma, sin embargo de que lo hubiera hecho gustoso porque parece traslucirse en él lo que es, un artículo de gracia, y algo violento como todos los de este estilo” (Axeitos e Barreiro 2004: 65). E máis adiante continúa Vicetto coas súas observacións, que non eluden comentarios referidos ao estilo poético de Murguía: “El artículo es mejor que el que me escribiste a mí (celos); y hay más poesía en el artículo que la que tú en vano pretendes poner en relieve en octavas donde no, no y no, no está Espronceda porque las octavas de Espronceda como el canto a Teresa se distinguen más que nada por la entonación artística y vigorosa, que caracteriza la ardiente vena de aquel poeta, entonación que no se sabe si inspira el sentimiento por medio del arte, o por medio del vigor, de la rotundidad, de la fibra” (Axeitos e Barreiro 2004: 65).

verdadeiro e como tal debe ser tratada: “¿qué direis sino de quien de tal manera, sin pretensiones y tal vez sin estudio, habla el dulce lenguaje de la poesía, ha nacido para ser algo mas que una mujer, tal vez para legar un nombre honroso á su patria? (Murguía, 1857). Por outro lado, ambos documentos partillan tamén certo temor a posíbeis críticas, sobre todo no caso dos versos más atrevidos de *La flor* (1857), razón que explica que Murguía argumente na procura da indulxencia do lector, que por contra si é condescendente con versos de carácter similar da autoría de Espronceda, fonte de que a nova Rosalía tamén bebe.

É após o seu matrimonio que Murguía proxecta a realización do *Diccionario de escritores gallegos*,<sup>8</sup> cuxas entregas, non sen contratempo, se inician en 1862. O material bibliográfico que amigos e escritores lle envían devagar retrasa a publicación, de modo que o primeiro tomo non fica concluído até 1865. A obra está dedicada a Juan Martínez de Castro (“como una prueba del cariñoso respeto que le profesa su hijo”) e contén importantes consideracións do autor sobre a literatura galega. Xa na “Advertencia” que precede o volume refire as razóns que o moveron a escribilo, isto é, o compromiso que contrae co seu país e a necesidade de estudos desta índole, dado que as escasas abordaxes anteriores caracterizáranse pola escaseza de fontes e mais a carencia de sistematicidade.<sup>9</sup> Por esta razón, a aspiración de Murguía ao concibir o seu *Diccionario...* é apoiarse na aplicación dun método eficaz integrado nos seus estudos históricos, porque é e será sempre, sobre todo, un historiador comprometido -“(...) un santo amor al pais en que nací me arrastró al penoso y difícil trabajo de estudiar su historia” (Murguía 1862: VII)- a observar a literatura como máis unha peza dese proceso histórico que tanto lle interesou: “La literatura de un país, no es en rigor mas que una fase de su historia, una manifestacion clara y terminante de su cultura” (Murguía 1862: VIII). E esta concepción permítelle identificar claramente as causas que impediran o normal desenvolvemento da literatura galega, apuntando as extraordinarias condicións sociais do pasado e do presente da nación como

8 Cfr. Moreno Astray (1865: 365-391), que basea a breve reseña biográfica de Rosalía de Castro do seu *El viagero en la ciudad de Santiago* nesta obra de Murguía.

9 Cfr. co contido da reseña “Diccionario de escritores gallegos por Manuel Murguía” in *Galicia, revista universal de este reino*, nº 3 (1-II-1863, p. 22): “No se comprende, en verdad, como habiéndose dedicado tantas personas inteligentes al estudio de nuestras glorias provinciales, olvidaron el primero y principal trabajo, el de formar un diccionario de escritores gallegos (...) El autor del libro que anunciamos ha tratado de llenar tan lamentable vacío” (p. 22).

explicación dunha soamente aparente esterilidade poética, como fica de manifesto no “Discurso preliminar”.

Debido ao vasto carácter do proxecto, que incluía a perspectiva civil e política na abordaxe literaria e mais unha obra complementaria titulada *El arte y los artistas de Galicia* (con láminas),<sup>10</sup> a obra ficou incompleta. Exuberante de talento, o xoven Murguía tampouco dispunha do apoio económico necesario para unha realización tan inmediata como as súas aspiracións demandaban, polo que era preciso captar suscritores comprometidos coa cultura de noso, persuadir as administracións públicas para se faceren con exemplares da obra, convencer a sociedade da urxencia de protexer os novos talentos e reafirmar os beneficios que a proliferación de obras daquel xénero podían reportar para Galiza.

Entusiastas por las verdaderas glorias de Galicia llamamos nosotros, á nuestra vez, á la municipalidad santiaguesa y del mismo modo llamaríamos á las otras de Galicia, si á medida y proporcion de sus recursos rivalizasen con la compostelana en esa honrosa suscricion. Ya que muchos particulares no sepan todavía la extensión y consecuencias de ese trabajo histórico, por no serle conocido más que por escasas noticias, no cabe otro medio, si ha de alentarse al genio en nuestro pais y atender al costo de la impresion, que las corporaciones, más poderosas é ilustradas que el comun de las gentes, se constituyan en protectoras del talento y del estudio de los jóvenes gallegos: con lo cual ensalzarán más y más la patria, atraerán sobre ella las miradas de los extraños y tras las ideas que por la literatura de los paises se forma, vienen la consideración, el respeto, y hasta los capitales para emprender las grandes obras y ejecutar los elevados pensamientos que una nacion concibe cuando ella sola no alcance á sufragarlos.<sup>11</sup>

---

10 Cfr. “Diccionario de escritores gallegos por Manuel Murguía” in Galicia, revista universal de este reino, nº 3 (1-II-1863), p. 23.

11 Véxase Galicia, revista universal de este reino, nº 12 (15-VI-1863), p. 109. Cfr. coas bases de suscrición contidas neste mesma publicación, nº 3 (1-II-1863), pp. 22 e 23, onde tamén se demandan noticias sobre a publicación de libros ou folletos de escritores galegos para seren xulgados e convenientemente incluídos na obra en cuestión.

Pois ben, no *Diccionario de escritores gallegos* Rosalía de Castro<sup>12</sup> ocupa o lugar correspondente na ordenación alfabética e como no resto dos escritores a reseña é sucinta, proporcionándose-nos a data de nacemento<sup>13</sup> e unha breve indicación sobre a súa infancia.<sup>14</sup> Após identificarse como esposo da autora reseñada, dá noticia das obras publicadas até o momento, así como doutros proxectos. Canto a *La flor*, insiste Murguía en que áinda non coñecía a autora; cita *La Hija del mar* (1859); *A mi madre* (1863); *Cantares gallegos* (1863) e infórmanos de que nesta altura ten preparadas varias obras para dar ao prelo, nomeadamente o volume de *Romana, Cuentos extraños, Historia de mi abuelo* e mais unha colección de poemas. Aproveita, ademais, para adiantar algúns dos que deberon de ser eixos centrais e personaxes protagonistas na obra perdida *Historia de mi abuelo*, figuras en cuxa esteira non dubida situar Murguía a súa amantísima esposa.

Si se permite á los hombres enorgullecerse de las riquezas y tumbres de sus antepasados, puede muy bien perdonarse á los que recuerdan, no sin un justo placer, que honraron su familia, aquellos distinguidos varones, que dejaron en pos de sí pruebas de su saber y de su inteligencia, y en este caso se encuentra nuestra escritora. A su familia, una de las mas antiguas de Padron, pertenecieron los sabios religiosos Fr. Martin Salgado y Moscoso (*vid.*) del órden de S. Agustín, poeta celebrado en su tiempo, y el R. P. Mº. Fr. Miguel Salgado y Moscoso (*vid.*) cisterciense, abad de Carracedo, y autor de algunas obras. En este siglo vivió el Sr. D. Nicolás de Castro, persona notable por sus variados conocimientos, escritor, viajero y militar, en quien corrian parejas el talento y el loco espíritu de aventuras. Era hermano del Sr. D. José de Castro, abuelo de esta escritora, coronel de milicias que hizo la campaña de los Pirineos (1793-1795) estando prisionero en Francia; fué notable por sus virtudes verdaderamente evangélicas, de cuya vida ha

12 Como lembran Xosé Luís Axeitos e Xosé Ramón Barreiro (2000: 35), a inclusión das entradas correspondentes tanto a Rosalía como a Murguía teñen moito a ver coa carta que Xosé Domínguez Izquierdo envía a Juan Compañel, pedíndolle que ambos figuren no *Diccionario de escritores gallegos* para que dese modo estea completo.

13 Murguía, erroneamente, dá como data de nacemento de Rosalía o 23 de febreiro de 1837, convertido en erro frecuente.

14 O autor é extremadamente coidadoso cando escribe sobre a infancia de Rosalía, limitándose nesta ocasión a referir que vive en Padrón os seus primeiros anos, de onde era natural a nai.

escrito su nieta, un libro, que como hemos dicho, lleva el título de *Historia de mi abuelo*. Pariente cercano de su abuela materna, fué el general Abadía, uno de los mas célebres en la guerra de la Independencia (Murguía 1862: 149).

O 15 de xullo de 1885 falece Rosalía de Castro, que non pode ver rematada unha das obras en que Murguía descobre o rostro máis humano da poeta, *Los precursores* (1885). Este ensaio, cuxa especial relevancia xa manifestamos, comeza a ser redixido en Padrón, na casa da Matanza, en 1882. Antes da súa publicación na Biblioteca Gallega, que Martínez Salazar pon en funcionamiento precisamente coa edición deste ensaio, é parcialmente reproducido no *Eco de Galicia* de La Habana e mais en traballos como as *Rimas populares*.<sup>15</sup> Na súa concepción, *Los precursores* (1885) ten moito de homenaxe póstuma a Rosalía,<sup>16</sup> propósito actualizado se repararmos na data en que finalmente sae do prelo, traendo tamén á tona o labor múltiplo que os promotores do sistema literario galego tiveron de asumir, ora producindo obras literarias, ora realizando a crítica das mesmas e participando na vida pública. Como Henrique Rabuñal apunta, trátase dunha obra sen precedentes cuxo propósito é ofrecer unha visión retrospectiva que non fique no memorialismo improutivo, senón que teña aplicación directa na realidade galega de fins de século (Rabuñal 1999: 62). Da nosa óptica, Murguía realiza, nun exercicio de fidelidade, o ideario político que tiña impulsado un renacemento cultural polo que velaran varias xeracións de intelectuais galegos, nun momento en que non só perigaba a súa produtividade e consolidación no futuro máis próximo, senón tamén o (re)coñecemento de tan vizoso legado por parte das novas xeracións, no momento presente. Neste contexto, o historiador proponse avivar un lume case extinto: “Hé aquí por qué he escrito este libro. Si

15 Cfr. coas valiosas opiniós de Henrique Rabuñal (1999: 61-67) sobre esta obra. Na correspondencia mantida con Eduardo Pondal, Murguía expón as motivacións que están na base de *Los precursores*, e que terán cumplido lugar no prólogo da mesma. En misiva de Murguía ao bardo da Ponteceso, datada a 5 de outubro de 1882, sostén: “Su carta me decía algo de lo que por V. pasaba y pasa también por mí, al ver esta juventud irreverente que cree cimentar mejor su gloria sobre las ruinas de los que les hemos precedido y allanado el camino. Ignoran que sobre ruinas nada estable se funda y que como ellos hacen así harán con ellos” (Ferreiro 1991: 104).

16 Falamos de homenaxe póstuma porque, segundo o relato de Murguía, tampouco soubo Rosalía que en *Los precursores* lle sería consagrado un capítulo, co que o historiador tiña pensado sorprendela (Cfr. Murguía, 1909: 21).

en él no se descorren todos los velos, algo se deja traslucir, que basta para librar del olvido á los que ya tienen puesto su pié en él” (Murguía 1885: 14). É claro o desexo de conxurar a lousa do esquecemento, conservando acesas esperanzas de que a faísca prenda vivo e renovador lume. Asemade, este fragmento refírese tamén a Rosalía de Castro, -se ben sen a nomear directamente-, que ocupa noutros treitos do “Prólogo” maior protagonismo: “Si algo siento es que las flechas con que se quiso herirme, perdiendo su verdadera dirección, han ido más de una vez á clavarse en el corazón que más amo”<sup>17</sup> (Murguía 1885: 8).

Na realidade, o carácter confesional que o “Prólogo” posúe permite advertir como un outro factor salientábel na xénese da obra razóns de tipo persoal, isto é, a necesaria contestación ás afrontas que tamén afectaron a poeta. Resulta revelador, por isto, o capítulo dedicado a Rosalía de Castro<sup>18</sup>, tanto do punto de vista das informacóns que nos ofrece sobre a súa biografía, como no tocante á valoración crítica que realiza da súa obra completa. Murguía valora excelentemente toda expresión artística, non só a literaria, ao servizo do despertar político de Galiza. Fiel ao legado que os nosos antergos custodiaron

17 Cfr. coa similar linguaxe utilizada no artigo “Murguía y la Pardo Bazán”: “(...) Sepa Dª Emilia, o el señor P., que de todas las flechas que me ha disparado, ninguna hizo blanco en parte dolorosa, y eso que las hay que si valiera la intención que traen, era para darme por muerto y enterrado” (La Voz de Galicia, 29-VIII-1896), en contestación ao artigo do día anterior publicado en La Mañana, supostamente da autoría da Condesa, agochada baixo o pseudónimo de “J. Pan y Español”. Nesta ocasión, as palabras de Murguía están provocadas pola crítica dirixida á súa Historia de Galicia. O historiador compostelán conclúe a serie de artigos en que se defende das acusacións con expresión semellantes á citada dirixidas á Condesa: “(...) me ha disparado la eximia su última envenenada flecha. Por la mala intención que trae, se ve bien de donde viene y cuanta es la ira mansa que la acompaña en el camino”, con golpe de efecto final arredor dos supostos plaxios de que a Condesa foi acusada: “Y nunca más me diga en son de burla que escribo de memoria la Historia de Galicia, porque de memoria tiene que ser, por supuesto, ayudada del entendimiento. Váyase por los que careciendo de esta última facultad mental, no escriben de memoria (pues cuando menos ésta, pide la lectura precisa) no teniendo enfrente a Ozanan o a Vogué, traduciéndoles al pie de la letra, y callándose como muertos cuando un Icaza cualquiera tira de la manta y descubre el pastel de los plagios” (“Para terminar” in La Voz de Galicia, 30-IX-1896).

18 Consagra os demais capítulos a Antolín Faraldo, Aurelio Aguirre, Leonardo Sánchez Deus, Félix Moreno Astray, Eduardo Pondal, Antonio Cendón, Serafín Avendaño e Benito Viccetto. No final, incorpora o texto “Ignotus”, que pode ser consultado en galego na revista Terra e Tempo. Revista galega de pensamento nacionalista (2009), nº 147-148, Fundación Bautista Álvarez de Estudios Nacionalistas, Santiago de Compostela, pp. 100-104.

e transmitiron, pretende inculcar o seu valor nos máis novos, determinados a construíren o futuro sen (re)coñeceren o pasado nin as súas glorias.

Siendo la perseverancia la verdadera virtud de los pueblos, y la lucha el signo de su vitalidad, yo os lo digo, vale más en verdad, pelear, aunque sea como mujeres, contra sombras y sin esperanzas de triunfo, que permanecer mudos é inactivos como cadáver que busca tierra. Pero si creeis que nos hemos engañado, que hemos tomado por realidad los sueños de nuestra alma, y que cuanto pasó, pasó inútilmente, que nada os dejamos, ni nada tenéis que hacer en todo esto, entonces cerrad mi libro; no se escribió para vosotros. Somos ciudadanos de una pátria distinta, servimos otros altares, no queremos por hijos á los que desertan de las banderas á cuya sombra combatieron sus padres (Murguía 1885: 17, 18).

Por seu lado, a monumental obra *Galicia* (1888) ábrese coa dedicatoria “Á la santa memoria de mi esposa Rosalía Castro. Á nuestros hijos Alejandra, Aura, Gala, Ovidio y Amara. Para unir con un mismo lazo y un mismo y piadoso recuerdo, cuanto amé, cuanto amo, cuanto amaré toda mi vida, esto es, esposa, hijos, patria”, asinada en Iria o 20 de agosto de 1885, apenas un mes despois da morte da esposa.<sup>19</sup> Máis unha vez, as intencións da obra están claramente fixadas e coinciden coas que Brañas defenderá en *El regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario* (1889), se ben escurecidas pola sensación de abandono ou deserción por parte dos novos da loita que a súa xeración iniciara e Rosalía consolidara.

Empezarán á ser contados de nuevo los hijos de un país que se le cree infecundo porque calla y soporta, y volverán á llenar las filas de que al parecer han desertado. Esto tendrán para Galicia los tiempos y mudanzas actuales, arrancando á su población de la inacción en que vive y al dolor que la ha humillado. Será, á poco que lo intente, una provincia directriz.

---

19 Cfr. coa “Conclusión” da mesma obra integramente reproducida infra, en que Murguía reconoce ter comezado a súa redacción ao pé do leito da esposa moribunda, de modo que debeu alternar, ao menos durante algún tempo, a finalización de Los precursores e as primeiras páxinas de Galicia.

Tuvo ya su Gólgota, tendrá también su Tabor, y desde él se presentará transfigurada á los ojos de los que la desconocieron ó negaron (Murguía 1888: XV).

No apartado VII, “Hijos notables de Santiago”, -incluído no capítulo IV da obra-, dedica tamén unha sección ás fillas ilustres da cidade compostelana, lembrando que “La mujer gallega es en extremo dispuesta para los trabajos intelectuales y muy en especial para el cultivo de la poesía, y no es Santiago población de las que menos se prestaron al trato de las musas” (Murguía 1888: 482). Por orde cronolóxica, menciona a María Francisca de Isla y Losada, de quen nos di que foi unha muller de grande instrución e entendemento, lembrando do século XIX, ao lado das escritoras Narcisa Pérez Reoyo e Clara Corral, a autora obxecto de estudo neste artigo: “*Doña Rosalía Castro y Abadía*, poetisa insigne, muerta cuando tantos días de gloria podía dar á la patria literatura y á quien el país gallego va á levantar un monumento que perpetúe su memoria y sea á la vez prueba de gratitud de todo un pueblo cuya alma ha vibrado y gemido en los cantos de esta mujer infortunada” (Murguía 1888: 482, 483). A homenaxe continúa na conclusión, que reproducimos de forma íntegra, en que permanece o mesmo sentimento de tristeza pola esposa morta que xa o embargara ao saír *Los precursores* (1885) do prelo:

Al poner FIN al pie de las presentes páginas, una sola cosa hemos de confesar, siquiera no dejara de ser necesario añadir algunas palabras más, importantes tal vez y tal vez oportunas para que se comprendiese porqué este libro es como es y no como nosotros desearíamos que fuese. Pero va tan abultado, y debe ser ya tan enojoso al lector, que no nos atrevemos á más que á decir que, comenzando al pie del lecho de una moribunda, forzosamente había de tener y de reflejar algo de las tristezas con que á su paso y sucesivamente fueron llenando nuestra alma combatida, los recuerdos que evocaba la soledad en que nos hallamos y los pensamientos que á cada momento nos asaltaban.

Fué, es cierto, para nosotros y en más de una ocasión, un consuelo volver á visitar los lugares amados y hablar de lo que á los dos nos era tan caro; pero fué asimismo una inmensa desgracia que los ojos que debían leer estas páginas y el generoso corazón que había de alegrarse con ellas, ni pudiesen

abrirse más en el mundo, ni palpitar al rumor de las frases escritas por quien ella amaba. Á su lado, todo hubiera tenido más vida, más color, más armonía, más paz, y no estaría impregnado de las vagas inquietudes de quien ya no espera sino su momento: inquietudes que van desde la primera á la última línea de este libro como un frío estremecimiento, dándoles algo de la tristeza interior que nos llena, siempre que pensamos en *Celle qui des ces bois bien s'en est allée!* (Murguía 1888: 1189).

A premente necesidade dunha organización que aglutinase as aspiracións rexionalistas desemboca, a fins de 1890, na fundación da *Asociación Rexionalista Galega* (1890-1894), cuxa dirección ostentarán Manuel Murguía e Alfredo Brañas. Con escaso suceso político e debilitada pola pugna interna das diferentes sensibilidades rexionalistas que conviven no seu seo, a organización é capaz de xestionar un acto enormemente relevante do punto de vista cultural e lingüístico: *Os Xogos Florais de Tui*. No *Discurso* que con este motivo profere en 1891, as palabras do Patriarca tapízanse da beleza que outorgan as Sagradas Escrituras, epistemoloxía cristiá plenamente funcional no século XIX. Así, desde “a cima da vella acrópolis de Tyde” o noso “profeta” proclama, na lingua de Galiza,<sup>20</sup> o fin dunha era de escravitude e a chegada a unha particular terra de promisión. A súa oratoria non disimula os ecos tirteicos, arengando o pobo para conxugar teoría e praxe, análise e mais acción, -“¡orade e combatide, pois é chegada a hora! (Murguía 1891: 117)-, ben empregada calquera tribuna para reclamar a devolución de dereitos históricos flagrantemente conculcados, de modo que a ceremonia é simultaneamente celebración e mais reivindicación.

Con efecto, a exaltación e glorificación do idioma galego encontra na súa exhibición pública a arma principal, máis ainda se ligada ao prestixio que o espallamento universal do portugués lle confere. Por seu lado, a literatura

---

20 Por primeira vez o galego é a única lingua oficial do certame, tanto para as composicións como para os discursos pronunciados. Para alén do discurso comentado, son tamén pronunciados os do bispo Lago González, de Cabeza de León e de Brañas; os textos premiados corresponden ás participacións de Eladio Rodríguez, Xoán Barcia, Urbano González, Filomena Dato e Martín Díaz Espunc (Rabuñal 1999: 88). Cfr. coa análise que Máiz (1984: 122-124) realiza a respecto da organización do certame e das intervencións de Manuel Murguía e Alfredo Brañas no mesmo.

galega, ao igual que os outros elementos constituyentes da nacionalidade, reviste un carácter específico: a forza sobrenatural que rexe o destino dos nosos poetas; a capacidade dunha profundidade de sentimento que non encontra parangón noutras literaturas próximas; e, por fin, a comprensión e aplicación da célebre máxima terenciana (“*Nihil humanum a me alienum puto*”), tamén guía para Rosalía de Castro, latente en todo o tramo que reproducimos e erixida en iniciadora da nosa literatura nas liñas finais:

Brilan aquí os fillos desta terra, nos traballos do pensamento. Non son coma os que visten con fermosos roupaxes os conceutos alleos. Ó revés, aquí traballa o home a súa mel no propio cortizo. Poderán os demáis vencelos no brilo, pro non na profundidade da doutrina. I é cousa de notare, que ó modo do filósofo que saca de sí tódolo seu, así o noso poeta é o que ten en sí, e leva como unha fatalidade na súa ialma. É poeta subxectivo, palabra que parés feita tan soio pra designar con outra contraria, ós poetas que nada teñen de seu, máis que a expresión do esterior. Porque a verdade é, que o poeta subxectivo é tal, en canto fala do que ten en sí mesmo, e é obxectivo en canto pode decir co latino, que nada do que toca ó home, lle é alleo. Así, meus señores, ós esquirtores portugueses modernos, non lles costóu nada ser do seu tempo, mentres que os de Castilla e Andalucía, tomando o esterior por causa pirmeira, describen pro non sinten, pintan pro non penetran no íntimo, en fin, toman por realidades as sombras que os envolven. Os nosos poetas modernos foron os pirmeiros que sintiron e espresaron a nota humana. Hoxe mesmo están seguindo o camiño que lles amostró aquela santa muller que foi nai dos meus fillos, e de quen está cheo este meu corazón (Murguía 1891: 122).

Será vinte e catro anos despois do desaparecemento da escritora galega que Manuel Murguía prologue a segunda edición de *En las orillas del Sar*. O cuarto de século consumido desde aquel fatal suceso non logra atenuar o intensísimo desconsolo no venerábel ancián, dor que semella tan premente como a padecida na derradeira despedida. Só a recordación do féretro que parte cos restos mortais da poeta, depositario do que Murguía xulga merecido descanso, parece proporcionarlle un alivio que se espella nas palabras dun prólogo que,

na nosa opinión, constitúe o máis lastimoso e emocionado testemuño do historiador galego.

Este documento é tamén delación inflamada dos tormentos que a poeta tivo de enfrentar, provocados pola incomprensión dunha época incapaz de asumir un alegato tan admirabelmente revolucionario; mais non pretende Murguía, en absoluto, nutrit o discurso que se serve daquela falsa *imago*, senón suxerir que a afflictión nin é innata á cantora do Sar, nin é atributo ontolóxico racial. A súa xénesis e ulterior agravamento debe ser maioritariamente localizada en axentes externos, de maneira que son outros os emblemas que teñen que dirixir a fiel reconstrucción da súa personalidade, como parecen querer transmitir as palabras do autor:<sup>21</sup> a humildade como valor supremo e principio reitor; a heroicidade en todas as cruzadas vitais que librou, ora nas disputas públicas, ora no tesón perante as doenzas que padeceu; a defensa e identificación plena coas clases populares galegas; un excelente sentido do humor, de raigame popular, a modo de revulsivo e crítica mordaz das convencións sociais que anulaban a proclamada igualdade entre todos os seres humanos, máxima dezaoitesca que Rosalía fai súa; e, finalmente, a consciencia do valor da súa obra e a convicción de que esta perduraría, mesmo mudando o destino de Galiza.

Outrosí, Murguía congratúlase do feliz (re)descubrimento do derradeiro poemario en español de Rosalía, tardíamente protagonizado pola intelectualidade española a partir da primeira década do século XX. Non obstante, nin este feito nin o exame de *En las orillas del Sar* resultan nucleares, xa que, da nosa óptica, o autor de *Desde el cielo* prefire centrarse na reivindicación de Rosalía de Castro como protagonista dun proxecto de rexeneración que é só inaugurado a partir da publicación de *Cantares gallegos* (1863), crucial para a restauración do idioma de noso. Mais para que esta noción triunfase, Murguía debeu de se persuadir de que era necesario confeccionar un traxe á medida, orixinar unha nova estética que desviase a atención e permitise a prevalencia dunha Rosalía de Castro a enarborar o proxecto político e cultural da Galiza do século XIX, mesmo á custa da inusitada imaxe dunha muller dedicada por enteiro á familia e ao fervor relixioso:

21 Cfr. coas consideracións de Gala Murguía de Castro a este respecto, non dubidando a filla do casal en exixir vehementemente que a personalidade da súa nai non fose manipulada: “-No, por Dios. Desmienta usted que mi madre era triste. Era alegre, muy alegre, y extremadamente acogedora y simpática. Sí, sí –afirma reiteradamente-, muy simpática; muy dulce era mamá” (García Martí, 1944: 142).

Desde las ventanas de su casa veía Rosalía el atrio y los olivos que lo sombreaban, y dirigía diariamente hacia aquellas soledades sus recuerdos y sus oraciones, bien ajena por cierto de que pronto hallaría allí su sepultura. Poco tiempo antes, como quien une en un santo amor la memoria y los afectos pasados, quiso que se cantase una misa por todos ellos en aquella iglesia solitaria –ella también ejemplo de lo pasajeras de las grandezas humanas-, y allá fue a oirla. Yo la vi marchar rodeada de todos sus hijos, por la vía inundada de sol, de paz y de la hermosura de que están llenos unos campos que amó como si le hubiesen tocado en herencia. Al salir del templo besó una sepultura y con ella cuantas en el atrio encerraban algo suyo, y entró después es su casa contenta porque había orado por los que tenían en su corazón, y eran de su sangre, derecho a sus plegarias (Murguía, 1909).

Xa con motivo da celebración do seu octoxésimo aniversario, pronuncia un discurso que revela unha consideración da muller emparentada coa igualdade intelectual, por outro lado tan atacada e negada ao longo do XIX. Non é o papel feminino en absoluto ornamental ou meramente decorativo na súa concepción, tampouco afiliado aos discursos compensatorios que tencionan retardar a inevitábel igualación retórica e máis tarde real, senón ao que se encomenda a dificultosa misión de enarborar a bandeira da rexeneración. Como Rosalía de Castro, o noso historiador coñece o carácter heroico da muller galega, comprobado nela mesma, e por isto confía de vez na súa之力 extraordinaria para levar a bo termo tan dificultosa tarefa. Da nosa perspectiva, a misoxinia más violenta que a el ten sido atribuída tornaría imposible un discurso como o que segue, afastado de calquera modalidade de paternalismo e, sobre todo, impediría a designación de Rosalía de Castro como redentora da nación:

(...) en cuanto á la mujer gallega puedo asegurarlos que no hallé quien la aventaje, ni en el amor, ni en la lealtad, ni en la bondad de alma, ni en compasivos movimientos del corazón, ni en inteligencia como la que Dios dió á Galicia para madre de sus hijos. Ella la soportadora silenciosa de los dolores de los hogares infortunados, ella la que con mayor valor se arriesga á los sufrimientos y hasta á la muerte por salvar á los que ama. Tanto es así que en sus manos pongo las más grandes esperanzas de redención de este

pueblo, eterno sufridor de todas las contrariedades que le cercan; de este pueblo desconocido hasta de sus propios hijos. Ya que sois, les digo en este momento, tan buenas madres, sed también, pues el valor no os faltó jamás, las que alimenteis el fuego sagrado de amor á lo que os pertenece, por derecho imprescriptible. Y estad seguras que cuando la estrella matutina brille en el cielo como una dulce promesa, aldeas y ciudades, riveras del mar y gratos asilos de las soledades campesinas, se bañaran en la blanca claridad del nuevo día en que tenemos puesto nuestro pensamiento, y todas nuestras esperanzas (Murguía 1913: 28).

O ano en que se fundan as Irmandades da Fala e o segundo Renacemento da literatura galega dá simbolicamente comezo, un Manuel Murguía ao que restan moi poucos anos de vida escribe novamente un discurso de homenaxe a Rosalía de Castro. Pasaron case sesenta anos desde que o mozo Murguía asinaba a coñecida reseña dos primeiros poemas da autora en *La Iberia*, repleto de vida e disposto a dar a coñecer a nova promesa onde for. Agora, en “La Fiesta de la poesía gallega. Homenaje a Rosalía Castro”, a voz a cada paso máis apagada do historiador será revivida a través da de Alejandro Barreiro, encargado de ler as súas palabras perante un auditorio que tamén presenciará a lectura de poemas, adhesións e outros discursos en que participan o marqués de Figueroa, Vázquez de Mella, Francisca Herrera ou Filomena Dato Muruais.<sup>22</sup> Casualmente, o ano de 1916, en que se inicia unha etapa fundamental da nosa historia literaria e política, testemuña un acto de homenaxe a Rosalía que significa tamén a reafirmación do proxecto político rexionalista, encarnado na poeta de Padrón e retomado polo incipiente nacionalismo galego. Como non podía ser doutro modo, a nova etapa política que daba comezo nos primeiro terzo do século XX tiña tamén como protagonista a Rosalía de Castro: recollíase o vizoso froito cariñosamente cultivado durante as décadas anteriores, crucial nas importantes vitorias que se gañarán nesta período. Como Murguía tiña sinalado, non era posíbel construír o futuro sobre ruínas esquecidas, e a recordación reivindicativa de Rosalía de Castro significaba edificar o noso porvir sobre os alicerces más sólidos e resistentes, xa

---

22 Cfr. coa misiva en que Manuel Casás convida Miguel de Unamuno á citada Festa, explicando que os rendementos do acontecemento serán destinados á suscrición aberta en Santiago para erixir un monumento na honra de Rosalía (Rodríguez Guerra 2000: 205).

que a autora de *Cantares gallegos* representaba a batalla más dignamente librada, o novo Medulio sobre o que despregar a resistencia e organizar a defensa:

Como era natural, la idea regionalista, los fervientes deseos de vida descentralizada, de afirmación gallega dentro de la unidad nacional, reconocida y consagrada, se asoció al homenaje, triunfando por boca de oradores, poetas e intelectuales adheridos por expresivas cartas, y subrayada por las ovaciones ruidosas de un público, predisposto a escuchar voces alentadoras de la simpática aspiración. He ahí una finalidad que añadir a la fundamental del tributo de Rosalía (Murguía 1916: 26).

### 3. Conclusións

Manuel Murguía foi unha figura de primeirísima orde no panorama cultural e político do século XIX galego, definido por Vicente Risco como unha sorte de síntese do esforzo daquela hoste de patriotas galegos que foron os Precursores (Risco 1976: 7), a desenvolver un constante e intenso labor como crítico literario da producción rosaliana. A el debemos a primeira reseña crítica e de maior extensión sobre o poemario *La flor* (1857), -cando Rosalía é aínda unha poeta descoñecida e el comeza a se abrir camiño nos medios xornalísticos madrileños-, alentador da súa obra e incansábel defensor da súa figura como inauguradora da literatura galega do século XIX.

Innegábel esta dimensión do autor, afirmouse o seu carácter imprescindible na producción rosaliana, sosténdose que Murguía estaba detrás da obra da súa esposa, o cal xustificaría a edición, difusión e canonización posteriores (Rábade 2000: 52), tese que outros autores ratifican (Axeitos e Barreiro 2000). A se basearen na análise da correspondencia de Murguía, estes estudiosos xulgan que é tamén el o encargado de xestionar o éxito que a nosa autora obtén polo seu primeiro poemario en galego: “Pero Murguía tamén xestiona o éxito de Rosalía polos *Cantares gallegos* (1863). Sucédense as felicitacións de amigos, que empregan sempre a canle do marido para facer chegar os parabéns á autora” (Axeitos e Barreiro 2000: 36).

Non obstante, da nosa óptica a cuestión radica en valorar e explicar adecuadamente en que consiste a expresión de que Murguía “está detrás da obra rosaliana” referida por Rábade Paredes, dilucidar até que límite o esposo é considerado o seu promotor literario e o xestor dos seus éxitos e, sobre todo, comprender a existencia dos condicionantes legais e sociais que explican esta circunstancia,<sup>23</sup> como a propia Rosalía de Castro desexa pór de manifesto en *Las Literatas* (1865), todo o cal nos obrigará a reformular a problemática en termos diferentes:

(...) los hombres miran a las literatas peor que mirarían al diablo, y éste es un nuevo escollo que debes temer, tú, que no tienes dote. Únicamente alguno de verdadero talento pudiera, estimándote en lo que vales, despreciar necias y aun erradas preocupaciones; pero... ¡ay de ti entonces!, ya nada de cuanto escribes es tuyo, se acabó tu numen, tu marido es el que escribe y tú la que firmas (Castro 2006: 512).

Considerando a relevancia que o historiador compostelán acada nos círculos literarios e políticos e, consecuentemente, o carácter beneficioso que esta situación comportou para a difusión da producción rosaliana, debemos, porén, cuestionar o carácter “decisivo e positivo” que á influencia de Manuel Murguía foi atribuído de forma case que irrefutábel, sen obviarmos que o sistema legal decimonónico exixía que fose o esposo o representante legal da sociedade conxugal, correspondendo só a el xestionar a tramitación das distintas publicacións e aínda os seus rendementos económicos. Así, convén deixar claro que a escritora galega se inicia na escrita poética a unha idade ben precoz, xa que é na súa preadolescencia cando compón os primeiros versos; participa enerxicamente nas actividades culturais e teatrais que o *Liceo de la Juventud* santiagués organiza, despuntando polos seus excelentes dotes dramáticos; viaxa á capital española, -talvez para se abrir camiño na escena teatral (unha de tantas hipóteses formuladas)-, onde todo parece indicar que recitou publicamente os seus versos na tertulia de Carmen Lugín, morada onde precisamente se hospeda e onde segundo unha parte da crítica defende, tería coñecido Murguía. Por conseguinte, se ben é certo que Rosalía aproveita os contactos que o historiador xa establecera en Madrid, non é

---

23 Cfr. Pardo Amado 2009: 19-40.

o autor de *Los precursores* (1885) quen a convence das súas posibilidades poéticas, xa que foi sempre plenamente consciente da dimensión histórica que a súa obra había acadar. O intelectual galego revisou, orientou e difundiu o traballo literario de Rosalía, mais tamén a escritora emprendeu pesquisas históricas en arquivos e bibliotecas en orde a completar estudos do propio Murguía, colaboración insuficientemente (re)coñecida e divulgada, mais que ilustra excelentemente a recíproca admiración e orientación intelectual que practicaron.

En definitiva, as aportacións de Manuel Murguía constitúen a pedra angular dun proceso de canonización que, infelizmente, acabará por adoptar un curso radicalmente oposto ao que o matrimonio galego lle desexaba imprimir. Á vista das dimensíóns que a figura de Rosalía de Castro estaba acadando e mais do carácter simbólico da súa obra, desvirtuala significaría tamén desacreditar o proxecto político que a escritora avalara, reducindo significativamente as súas posibilidades de suceso social. Con efecto, a tardía reivindicación que no século XX a intelectualidade española realiza de Rosalía de Castro (Véxase Unamuno, Azorín, Díez Canedo, Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado...), deixa entrever a consumación de que Murguía levaba décadas alertando e tanta enerxía dedicou a combater, verificándose tamén a estreita relación existente entre canon e poder. As aportacións producidas ao longo de máis de sesenta anos, -desde a súa mocidade e até se converter no vello limpo, calado e escrupuloso que Azorín describira,- constitúen un documento único de intelixente análise crítica, así como a proba do magno esforzo que tiña como finalidade devolver Rosalía de Castro ao lugar merecido no sistema literario galego.

#### 4. Referencias bibliográficas

- AXEITOS, X. L., BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (2000): *Manuel Murguía. Vida e obra* (Vigo: Xerais).
- CASTRO, R. de (2006): *El caballero de las botas azules, Lieders, Las literatas* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións).
- CALVO, T. (Ed.) (2000) *Murguía e La Voz de Galicia* (A Coruña: La Voz de Galicia-Biblioteca Gallega).

- DURÁN, J. A. (Ed.) (2000): *Murguía, 1833-1923* (A Coruña: Taller de Ediciones J. A. Durán).
- FERREIRO, M. (1991): *Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondencia)* (Santiago de Compostela: Laiuento).
- GARCÍA MARTÍ, V. (1944): *Rosalía de Castro o el dolor de vivir* (Madrid: Ediciones Aspas).
- MÁIZ, R. (1984): *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)* (A Coruña-Sada: Ediciós do Castro).
- MORENO ASTRAY, F. (1865): *El viagero en la ciudad de Santiago*, (Santiago de Compostela: Tipografía de José M. Paredes).
- MURGUÍA, M. (1857): “*La flor*. Poesías de la señorita Doña Rosalía de Castro” en *La Iberia* (12-V-1857).
- \_\_\_\_\_ (1862): *Diccionario de escritores gallegos* (Vigo: Juan Compañel ed.).
- \_\_\_\_\_ (1885): *Los Precursores* (A Coruña: La voz de Galicia, edición facsimilar, 1975).
- \_\_\_\_\_ (1888): *Galicia* (Barcelona: Establecimiento Tipográfico-Editorial de Daniel Cortezo y C<sup>a</sup>).
- \_\_\_\_\_ (1891): “Discurso no banquete rexionalista de Tuy” en *La patria gallega*, nº 7-8. Citamos seguindo a reproducción do discurso realizada por Rabuñal (1999: 116-126).
- \_\_\_\_\_ (1896): “Murguía y la Pardo Bazán” (La Voz de Galicia, 29-VIII-1896) en *Murguía e La Voz de Galicia* (2000), La Voz de Galicia-Biblioteca Gallega, A Coruña.
- \_\_\_\_\_ (1896a): “Para terminar” (La Voz de Galicia, 30-IX-1896) en Calvo, T. (Ed.) (2000) *Murguía e La Voz de Galicia* (A Coruña: La Voz de Galicia-Biblioteca Gallega).
- \_\_\_\_\_ (1896b): “Cuentas ajustadas, medio cobradas” (20-X-1896 – 27-XII-1896) en Calvo, T. (Ed.) (2000) *Murguía e La Voz de Galicia* (A Coruña: La Voz de Galicia-Biblioteca Gallega).

- \_\_\_\_\_ (1909): “Rosalía de Castro” en *Obra completa de Rosalía* (2ª ed.) (Madrid: Sucesores de Hernando).
- \_\_\_\_\_ (1913): “Discurso con motivo do 80 aniversario” en BRAG, nº 73, 1-VI-1913.
- \_\_\_\_\_ (1916): “Discurso pronunciado en La Fiesta de la poesía gallega. Homenaje a Rosalía Castro” en BRAG XI, nº 110.
- \_\_\_\_\_ (1917a): “De la importante influencia que en su tiempo tuvo en Galicia la obra literaria de Rosalía” en *La temporada en Mondariz*, 8, 9, e 11.
- \_\_\_\_\_ (1917b): “Sin duda, amigos míos” (Palabras para a inauguración do Monumento a Rosalia en Compostela” en BRAG, Nº120.
- \_\_\_\_\_ (1919): “La casa en que murió Rosalía Castro” en Calvo, T. (Ed.) (2000) *Murguía e La Voz de Galicia* (A Coruña: La Voz de Galicia-Biblioteca Gallega).
- NAYA PÉREZ, J. (1953): *Inéditos de Rosalía* (Santiago de Compostela: Patronato Rosalía de Castro).
- PARDO AMADO, D. (2009): *Rosalía de Castro. A luz da ousadía* (Santiago de Compostela: Laioveneto).
- RÁBADE PAREDES, X. (2000): *A vida de Manuel Murguía* (Vigo: Galaxia).
- RABUÑAL CORGO, H. (1999): *Manuel Murguía* (Santiago de Compostela: Laioveneto).
- RISCO, V. (1976): *Manuel Murguía* (Vigo: Galaxia).
- RODRÍGUEZ GUERRA, A. (2000): *Epistolario galego de Miguel de Unamuno* (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).
- RUÍZ AGUILERA, V. (1864): “Cantares gallegos. Por Rosalía Castro de Murguía” en *El Museo universal*, Madrid, VIII, nº 22 (29-V-1864) e nº 23 (5-VI-1864).
- VIDAL, Francisco A. (1998): *Manuel Murguía* (Noia: Toxosoutos, Fasquía, nº 2).